

CENTRO XIYUN DE MEDICINA CHINA SINTERGÉNICA



“Cando estudiaba Medicina en Santiago xa tiña un interese moi claro nas medicinas orientais”

Fernando Salgado Blanco

Datos básicos

Actividade:	Centro de Medicina China
Sector de actividade	Servizos de atención sanitaria, personal e física
Nº empregados	4
Inversión inicial	9.000 €
Financiamento inicial:	La inversión inicial fue financiada íntegramente con fondos propios.
Web:	www.compostela.org/acupuntura
Municipio:	Santiago de Compostela, A Coruña
Ano creación:	1995

Descrición do proxecto

Temos un centro médico especializado en medicina chinesa, homeopatía e sinterxética. Traballamos técnicas de tradición milenaria que gozan cada día de maior recoñecemento na sociedade e nos entornos científicos e académicos occidentais.

O noso centro médico traballa fundamentalmente as seguintes liñas:

- Acupuntura: É unha técnica de Medicina Chinesa que consiste basicamente en regular a enerxía do corpo mediante puntos accesíbeis a traveso da pel. Estes puntos acupunturales denomínanse na Medicina chinesa Xue Wei e están conectados por un sistema de canais enerxéticos (Jing Luo) que percorren o noso corpo e que conectan os diferentes órganos internos con determinadas partes da nosa anatomía.
- Moxibustion: consiste na aplicación de calor combinado cós efectos terapéuticos de substancias vexetais para tonificar as canles enerxéticas do noso corpo e restablecer o seu equilibrio, solucionando déficits ou excesos puntuais de enerxía.
- Auriculoterapia: baséase na proxección que cada parte do corpo ten no pavillón auricular. Estimulamos puntos sensíbeis (“zoas reflexas”) có obxectivo de obter tanto datos diagnósticos como efectos terapéuticos.
- Shiatsu: é unha técnica terapéutica de masaxe orixinada en Xapón. Segue principios similares á acupuntura, na cal os polgares, mans, dedos, codos, xeonllos e pes son usados para aplicar presión e estiramientos sobre os puntos e canles descritos na acupuntura.



Datos empresa

Claves do éxito

A formación é fundamental, pero é máis importante aínda a actitude ao tratar aos teus pacientes, posto que se trata dun tipo de medicina na que existe un fluxo de intercambio de enerxía e de comunicación entre médico e paciente.

O enfoque das novas medicinas orientase a facer as cousas de corazón para conseguir un efecto. Para elo é necesaria unha vocación de servizo e de vontade, para lograr no paciente as condicións necesarias que o convertan nun campo de cultivo propicio para a súa propia curación.

Outra das claves é ter unha boa publicidade ao principio, saber dar a coñecer ben o que realmente podes aportar.

Situación actual

En dez anos de actividade pasei de traballar eu só a formar un equipo con cinco persoas. Pasei de destinar dúas salas de terapias a catro, e na actualidade necesitamos trasladarnos para traballar en seis salas.

Perfil cliente

Non podería definir un perfil concreto. Podo confirmar que teño moitas familias que se iniciaron na miña consulta a través dun dos seus membros; e que unha porcentaxe importante de pacientes acoden con problemas de dor músculo-esquelético. Pero non se pode falar dun patrón particular senón dun grupo moi heteroxéneo de persoas con problemas diversos.



Idea inicial

Cando estudiaba Medicina en Santiago xa tiña un interese moi claro nas medicinas orientais. Xa dende o principio consideraba que un médico debería ter capacidade suficiente para, nun momento dado no que non dispoña de equipamento específico, poder resolver un problema de saúde coas súas mans e o seu coñecemento. As medicinas orientais traballan cunha visión e unhas técnicas que o permiten.

En 1990 fun a China cunha beca do Ministerio de Asuntos Exteriores para facer a especialidade de Acupuntura e Medicina Tradicional Chinesa na Facultade de Medicina Tradicional Chinesa de Pekín. Vivín alí cinco anos, nos que me formei e apliquei os coñecementos que tiña adquirido. Volvín a España e montei unha consulta.

Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das principais dificultades foi darme a coñecer, pero solucioneino pronto aproveitando o chamativo da miña formación e os lugares onde se levou a cabo para espertar o interese dos medios de comunicación. Aos seis meses de comezar a traballar, podíame permitir xa un bo soldo.

Quizais a maior dificultade foi o recoñecemento por parte do colectivo médico galego. Un exemplo moi ilustrativo é que temos formado en Porto Rico a máis de 200 médicos especialistas en tres anos. En Portugal, hai catro anos estaba practicamente prohibida a acupuntura no sistema público e, na actualidade, o noso Curso de Formación na Universidade de Porto ten unha gran aceptación, e contamos ademais coa colaboración do Colexio Médico de Porto. En España levamos dez anos có Master de Acupuntura da Universidade de Santiago (estamos neste momento na 6ª edición) e só temos formado a escasos 100 especialistas, moitos deles estranxeiros e doutros lugares de España. Grazas a eles e ao noso traballo desinteresado por difundir esta especialidade, sobrevive o Master.

Perfil promotores

Fernando Salgado é Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela e Especialista en Acupuntura e Medicina Tradicional Chinesa pola Facultade de Medicina Tradicional Chinesa de Pekín. Coordinador do Máster de Acupuntura da Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu a medicina en varios hospitais en Finlandia e, tras especializarse en Medicina Tradicional Chinesa, perfeccionou coñecementos en centros coma o Hospital Guang-An Men, o Hospital Chino-Xaponés e o Hospital de Masaxe de Pekín.

A empresa conta con dous socios máis.

Aptitudes necesarias

É máis unha cuestión de actitude que de aptitude.

Pero a nivel empresarial, é necesario un certo arranque e unha certa extroversión para darte a coñecer. E por suposto, ser un bo comunicador e ter capacidade para transmitir a túa mensaxe.



Guía de Actividad

Servizos personais da saúde: Centro Policlínico Especializado (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
Ser o meu propio xefe**

A independencia que proporciona

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

No caso desta actividade, non o considero necesario.

Anecdótico

Unha anécdota é que ao chegar a España, existía un baleiro legal que impedía aos médicos darse de alta na Seguridade Social. No en tanto, un ano máis tarde, obrigáronme a darme de alta na Seguridade Social.

Outra anécdota é que ao principio tentei transmitir os meus coñecementos e ofrecer as terapias que había aprendido a través do hospital no que traballaba. Aplicaba de forma gratuíta os meus tratamentos e tentei implantalos no sistema público, pero resultaba moi lento.

Decidín entón recorrer aos medios de comunicación de masas como programas da TVGA que nada tiñan que ver coa medicina oriental pero que resultaron moi eficaces para transmitir a miña mensaxe e darme a coñecer.

